

13/06/2014

## **Traballando no horto**

### **COMEZAMOS A RECOLLER AS PATACAS**

Hoxe baixamos ao horto dos amigos de Cardio con moitas gañas de traballar, íamos dispostos a recoller algunhas das nosas colleitas. Pero descubrimos que as patacas aínda teñen que madurar, as cenorias aínda teñen que medrar e os tomates son moi cativos.

### **PROTEXEMOS OS HORTO DOS CARACOIS**

Antes de marchar de vacacións queremos deixar o horto dos amigos de Cardio protexido dos caracois.

Por iso aprendemos a combater as pragas de caracois e de babosas con diferentes trampas.



Os caracois son unha praga que ten consecuencias desagradables no noso horto.



Gústalle os lugares frescos e escuros, sempre saen a comer despois das choivas ou pola noite.

## **MANEIRAS DE EVITAR E COMBATIR AS PRAGAS DE BABOSAS E DE CARACOIS**

- 1- A mellor maneira é retirar cada caracol coa man, con coidado para que non leve as follas da planta pegadas.



- 2- Colocar nun lugar húmido e sombrío, ao que nos interesa levalos, galletas, azucre ou cáscaras de laranxa para poder atrapalos.



- 3- Colocar nunha botella cortada ao medio e enterrada a ras de chan, leite ou cervexa con sal.



4- Outro truco e mollar un anaco de tela con cervexa ou con leite, e colocalo arredor das plantas pola noite, á mañá estarán todos pegados na tela e só teremos que retiralos.



5- Podemos atraelos con manxares que son irresistibles para eles como a laranxa ( deixando una laranxa aberta no horto), patacas ( colocando un prato con cáscaras de pataca en sitio estratéxicos) ou un anaco de melón ou de sandía.

6- Botar, nunha das zonas polas que pasen a miúdo, cáscaras de ovos rotos ou cinza. Non lles gusta andar sobre estas texturas polo que marcharán lonxe do noso horto.



7-Colocar tellas molladas no horto, os caracois esconderanse debaixo delas e poderemos atrapalos e retiralos do horto dos amigos de Cardio.

